

Coreo

tendas ecológicas

Pón o seu dispor os seguintes productos:

Papel reciclado fotocopiadora/láser
Papel reciclado escritura
Libretas papel reciclado
Papel deseño fotocopiadora/láser
Papel contínuo para ordenador
Sobres e bolsas
Cartulinas
Transparencias fotocopiadora
Película Blanca
Marcos Protectores
Etiquetas ordenador

Outros productos

Libros • Maquetas de papel
Material oficina
Toner fotocopiadora • Toner láser
Xoguetes madeira
Acuarelas • Barnices, etc...



SANTIAGO

r/ Laverde Ruíz, 2 baixo
☎ (981) 56 54 87 • Fax 56 31 88



LUGO

r/ Xeneral Tella, 6 baixo
☎ (982) 25 01 98
Fax 25 01 98

VIGO

r/ Pintor Laxeiro, 10
☎ (986) 20 23 38
Fax 20 23 38



editorial

Unha das características, contradictoria, da crise dos últimos anos é a disponibilidade de elevadas sumas de diñeiro destinadas a obras e infraestructuras de preocupantes consecuencias ambientais. Cando as persoas sinten a necesidade dunha nova relación coa natureza, mais directa e íntima, o progreso empeña-se en incrementar a artificialidade do entorno, destruindo aqueles signos que ainda nos chaman a un viver diferente.

Para o progreso, a natureza pode conservar-se en espazos naturais protexidos, a modo de museus aos que se regularán as visitas. Ainda que polo momento no noso país non se fagan notar as presas por un conservacionismo de tal estilo, notan-se, porén, as presas por destruir outros espazos e paisaxes próximos á vida cotidiana. Mentre non se pón cota ao urbanismo selvaxe e desordenado, o Plan de Costas está a pavimentar os paseos marítimos e outras zonas turísticas, as vias rápidas (non livres de atascos e colas, isto parece ser secundario, ou mesmo indicativo de actividade e progreso) levarán-nos a cada recuncho do litoral e das praias, e as autovías destruirán algunhas das mellores paisaxes do interior. Pero a artificialidade galopante non perdoa recuncho e, a través das concentracións parcelarias, amiaza con converter en deserto ecoloxico e cultural a maior parte do noso país, arrasando as paisaxes, a diversidade biolóxica e a riqueza cultural e histórica.

Curiosamente, nun momento de crise, o único aspecto do Plan de residuos da Xunta xa resolto de antemán é o da financiación: mais de 35.000 millóns para incinerar o lixo e espallar todo tipo de substancias tóxicas pola ecosfera. Á macroartificialidade non lle faltará a artificialidade do mundo microscópico e das moléculas: metais pesados, dioxinas e outras substancias tóxicas formarán parte da nosa dieta, do ar que respiremos, e da paisaxe que consumamos. O anfitrión de tal progreso dirá, como habitualmente, bon proveito.